

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN A EXPLICAR O TRABALLO NON DESENVOLTO POLA CONCELLERÍA

PLENO 27 MARZO 2013. ACTA 4/2014

“O 30/08/2013 solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente para que nos explicara o traballo desenvolto pola súa concellería ao longo deste mandato. Miguel Ángel Álvarez Ballesteros compareceu o 26/09/2013, presentando no leno un informe de nove folios onde dicía que se explicaban os traballos realizados. O concelleiro de Medio Ambiente comprometeuse nese pleno a darnos eses folios, cousa que a día de hoxe aínda non fixo, a pesares que insistimos pedíndolles tanto en persoa como nun rogo formal no pleno do 26/12/2013, incumprindo a súa palabra.

Por outra banda, no pleno do 4 de abril do 2013, a corporación acordou por unanimidade convocar mensualmente a Comisión de Seguimento de Servizos Privatizados mentres alguna concesionaria nin cumpra co contrato. Pasaron case 10 meses e só se convocou unha vez, cando entendemos que non se fai un seguimento axeitado aos servizos privatizados como son as piscinas municipais, aparcamentos da Xunqueira, auga, lixo o recadación: cobros indebidos, mal estado das instalacións, non elaboración de informes, non separación de fecais e pluviais, vertidos, limpeza escasa de contedores, incumprimento da lei de accesibilidade... Entendemos que se está a incumprir un acordo plenario, feito que consideramos moi grave.

Polo anterior, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente para que nos explique por que non cumpre a súa palabra nin o acordo plenario, e explique o traballo NON desenvolto pola súa concellería.”

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que hai dous meses se deu unha explicación na comisión de servizos privatizados. Di que os folios aos que se refire eran manuscritos, con notas persoais e non llelo vai a dar así e non tivo tempo de pasalo. Sinala que non hai nada que ocultar e se quere llo volve a ler, cousa que fai de seguido resumidamente.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que lle extrana que en sete meses non tivera tempo de pasar a limpo os nove folios. Non sabe por que non se celebraron reunións da comisión de servizos privatizados en dez meses e sinala algúns problemas concretos nalgúns deses servizos. Refírese tamén á cuestión dos rúidos do AVE e aos verquidos nos ríos...etc

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que entre agosto e decembro tivo que paralizar moitas cousas por un problema grave a nivel persoal e pregunta se lle vale como explicación. Refírese a que para moitas cousas fai falta diñeiro e hai que ir pouco a pouco.